



## Dous xóvenes sacerdotes, vanse ás Misións.

A mediados de novembro estarán xa no Ecuador, facendo o relevo na Misión Diocesana. Son **José Luis Fernández Cadavid**, e **Isaac Pereiro Pereiro**. José Luís, ten trinta e dous anos e despois de completar estudos en Roma, desempeñou os servicios de Secretario do Sr. Bispo, de Profesor do Seminario e do Instituto de Ciencias Relixiosas, de Director da Casa de Exercicios e finalmente de Delegado da Mocidade. Isaac, ten vinteseite anos e o seu recorrido pastoral tivo como momentos máis importantes a súa presenza como diácono en Calvos de Randín e agora como Vicario Parroquial de Sto. Domingo compartido o seu tempo co colexio Padre Feijoo-Zorelle. Nestes momentos ilusionantes de inicio de tarefa e antes de partir respondéronos a algunhas preguntas.

### - ¿Cando xurde en vós a idea misioneira?

**José Luis:** Cando un sinte a chamada a ser crego, inda que se ordena para unha Diocese concreta, abre o corazón para ir ata os confíns da terra seguindo as Verbas do Mestre. Logo son as vicisitudes as que van definindo o marchar lonxe: a necesidade da misión diocesana en Jipijapa, o ter boa saúde física, non ter maiores ataduras, un pouco de afán aventureiro e, sobre todo, a posibilidade de vivir o Evanxeo nun mundo que esixe ir a radicalidade da Boa Nova: deixalo todo e ir sen nada confiado en Cristo.

**Isaac:** No meu caso sempre sentín admiración pola tarefa dos misioneiros e iso foi en progresión, dende recoller sellos para a Delegación ata irme agora para Ecuador, pasando polo Taller de Misións no Seminario e esas inmensas ganas de face-las maletas cada vez que asistía ás Vixilias do Domund ou ós Festivais da Canción Misioneira.

### - ¿Que peso ten a fe nesta decisión?

**José Luis:** Fundamental. Moita xente cando sabe que nos imos miranos con ollos de admiración porque pensa que imos realizar unha tarefa perigosa, difícil e moi caritativa. Non cabe dúbida. Pero iso non é o primeiro. O primeiro é descubrir no momento que vives a chamada dise Ser tan especial, Deus, que é quen te envía, por medio da Igrexa. É dicir, o **saber que non vai un só, que Xesus Cristo é quen te manda, que é quen te coidará, que del depende o froito do traballo a facer, dáche moita tranquilidade.** Non é posible amar ós pobres durante moito tempo sen non hai unha razón superior. Esa razón superior é a que posibilita que non che preocupe o que deixas e que non che doa a cabeza polos perigos que poidas correr. Por amor a Cristo podes amar e sempre ós demais, en especial ós máis esquecidos. Sen isto eu non iría. O que lle imos levar é primeiramente o Evanxeo, iso é fundamental. Isto quer dicir que imos coa preocupación de dignificar aquelas persoas en tódalas súas dimensións: material, humano-social e espiritual. Todas van unidas, todas son impulsadas pola Boa Nova do Evanxeo.

«Tratarei de ser corazón que escoita e mans que actúan... Se temos a Deus no corazón o demais ven por añadidura» *Isaac Pereiro*

«Sen o apoio humano e económico que nos facilitades non poderemos facer moito» *José Luis F. Cadavid*

**Isaac:** A fe en Cristo o é todo, se non co xenial que estaba aquí non daría o paso a atravesalo charco. Cristo danos unha perspectiva nova da vida e dos acontecementos. Esta fe, máis que aventura do que nos deparará o futuro, é confianza absoluta no proxecto de Deus en cada un de nós. A miña decisión vai máis alá dunha experiencia humana atraínte, é Deus quen vai movendo os fíos ó noso carón. Cando as fichas do puzzle ían cadrando e sabendo que Deus válese de intermediarios **díxenme: "É o momento oportuno... agora ou nunca... Deus proveerá... ¿Creemos ou non creemos?... pois ADIANTE..."**

### - ¿Que agardades atopar no mundo ó que ides?

**José Luis:** Unha poboación xuvenil e infantil numerosa. Unha xente amable e necesitada. Unha xente acollidora e receptiva. Unha laboura inmensa a realizar.

**Isaac:** De momento son todo oídos, D. Camilo de Jipijapa será os ollos e logo tratarei de ser corazón que escoita e mans que actúan. Atoparémonos a xente moi acollidora, e contamos cun laicado

con gran vontade de aunar forzas e iso é ilusionante. Se temos a Deus no corazón o demais ven por añadidura, esa fe ira trocando a vida e mailo mundo que nos rodea tal como pasou nestes dez anos por Jipijapa.

### - ¿Que nos pedides ós que quedamos?

**José Luis:** Antes ca nada oración. Esta pode mover montañas eu estou convencido. Logo que non vos esquezades de nós. A tarefa é conxunta vosa e nosa. Nós, sen o apoio humano e económico que nos facilitades non poderemos facer moito. Estamos na mesma barca e todos temos que remar para que avance. Todo o que poidades aportar de ideas, recursos, material, etc. alá multiplicarase e a vós faravos moi ben. Así que poñer a traballar dende xa.

**Isaac:** O mandato de Deus é para todos, sinxelamente: oración, testemuño de vida cristián e colaboración xenerosa que a vida é corta.



## MISIÓN DIOCESANA

Fai doce anos, por estes mesmos días, iniciábase a aventura do que se chamaba a Misión Diocesana. Hoxe, dous sacerdotes novos, ultiman os preparativos para dar o salto, cun corazón cheo de ilusións e ardor xuvenil. ¡Que pronto pasa o tempo! Volvéronse aqueles, foron outros, incluso retornou un dos primeiros... e seguiu xirando a roda da misión incorporando a un bo grupo de leigos que foron facendo daquela “a súa misión” nun compromiso que implica persoa e economía, sen embargo...

**¿Non sería o momento de esquecernos das Misións de lonxe e verter todo o noso esforzo aquí, entre nós, na nosa terra?** Se falamos de pobres, aquí tamén hai pobres. Se falamos de anunciar o evanxeo ¿quen pode dicir que non precisamos aquí evanxelizadores? Son moitas as veces que escoitamos frases coma “Aquí é onde está hoxe a nosa misión e non alá” e hai que recoñecer que eso ten moito de verdade, tanto que o Papa se fai eco de todo isto na Exhortación Apostólica Postsinodal «**Ecclesia in Europa**», 46-50.

### ¿MISIONS HOXE?

A misión é a esencia da Igrexa, que “**existe para evanxelizar**” (EN 14). Pódese dicir máis alto pero non máis claro. Concedido isto pero ¿Por que hemos de irnos polo mundo adiante habendo aquí necesidade?

Di Xoán Paulo II “*O... ardor misionero debe animar a Igrexa na Europa de hoxe. A diminución de presbíteros e persoas consagradas en certos países non pode ser impedimento en ningunha Igrexa particular para que asuma as esixencias da Igrexa Universal... Noutros continentes, particularmente en Asia e en África, as comunidades eclesiais observan aínda ás Igrexas de Europa e esperan que sigan levando a cabo a súa vocación misionera. Os cristiáns de Europa non poden renunciar a súa historia*” (EE 64).

Tamén din os Bispos españois no documento “La misión ad gentes y la Iglesia en España”, Madrid 2001, 34: “*A resistencia que ás veces se vislumbra en dioceses, parroquias e congregacións á cooperación persoal con outras Igrexas máis necesitadas non ven tanto da precariedade dos recursos humanos, cuanto da pobreza eclesial que impregna estas comunidades cristiás... Cando detectamos temores e presuntas prudencias, ¿non deberíamos preguntarnos se non estaríamos dispersos en moitas actividades e iniciativas que pouco teñen que ver coa evanxelización... instalados nas nosas rutinas, parapetados nos nosos egoísmos...*”

Polo tanto están a nos invitar a ver a Misión *ad gentes* coma un *kairós* de vida, coma o osíxeno vital da Igrexa, posto que, como declara o mesmo Concilio, “*a gracia da renovación das comunidades non pode medrar se cada comunidade non expande os campos da caridade ata os últimos confíns da terra e non ten dos que están lonxe unha preocupación semellante a que sente polos seus propios membros*” (AG 37).

### ¿Por que DIOCESANA?

Teñen razón os que erguen a bandeira de que misioneros somos todos e a Misión está en tódalas partes. Teñen razón os que din que o ideal sería que todos estivesemos dispostos a ir “ONDE FIXESE FALTA”, sen predispoñer lugar ou cultura. Teñen razón os que din que o importante é preparar misioneros que Misión nunca faltará. Teñen razón...

Pero a crúa realidade é que cada día temos menos misioneros, que cada día as distintas congregacións dispoñen de menos xente nacida nas entrañas da nosa Terra en situación de ir á Misións, que é moi bonito de falar de laicos misioneros pero resulta complicado ó ver como se viabiliza eso... En resumidas contas: cada día temos menos misioneros; **cada día somos menos misioneros**. É por eso que precisamos erguer ó menos a bandeira dunha Misión que de ningún xeito é a Única Misión da nosa Igrexa Diocesana.

Ela, si é Misión Diocesana porque nos sirve de referencia, de reto, de callo molesto que fastidia cada día recordando unha dimensión fundamental que non pode ser esquecida, de espacio aberto a tantos leigos que buscan comprometerse.

Se consegue eso a Misión diocesana, se é invitación permanente a mirar máis alá... a Misión estará cumprindo co seu obxectivo. Deus queira que chegue pronto o día no que non faga falta unha Misión Diocesana porque haxa moitos misioneros e misioneiras dispostos a saír



ás Misións, e moitos canles para realizar ese compromiso misionero. Mentres esto non suceda, a Misión Diocesana ten unha razón de ser.